CAMBRE
CONCELLO

Información xeral inicio campamento ”Xogando no Nadal 2025”

Queridos pais, nais ou titores: Por medio desta circular informámoslles de como se vai desenvolver o campamento de “Xogando no Nadal 2025” organizado polo Concello de Cambre, amosando os seguintes datos de interese:

- **Lugar de realización**: CEIP Wenceslao Fdez. Flórez
- **IMPORTANTE: Punto de encontro entrada e saída:** Pola parte de diante do colexio, porta peoníl. **Os acompañantes non poderán entrar no edificio.**
- **Datas**: De luns a venres salvo sábados, domingos e festivos:

- 1ª quenda: do 22 ao 26 de decembro de 2025 (4 días, agás o 25 de decembro).
- 2ª quenda: do 29 de decembro de 2025 ao 7 de xaneiro de 2026 (6 días, agás o 1 e 6 de xaneiro).

- **Servizos:**

- **NON haberá servizos nin de mañanceiro, nin de almorzo, nin de comida, PORQUE NON SE RECIBIRON SOLICITUDES SUFICIENTES PARA POÑELOS EN MARCHA.**

Realizaranse os seguintes servizos:

- Actividades: de 9:30 horas a 13:30 horas, e de 9:30 a 14:30 horas para as persoas que solicitaron a comida (pero como non se vai facer alárgase o tempo unha hora por motivos de conciliación da vida laboral e familiar).

A chegada dos/das participantes ao centro será ás 9:30 horas e a súa recollida poderá facerse:

- Ás 13:30 horas para os que **non** solicitaron comida.
- Ás 14:30 horas para os que solicitaron a comida (pero como non se vai facer alárgase o tempo unha hora por motivos de conciliación da vida laboral e familiar).
- Entre as 14:30 e as 15:00 horas, para os que fagan as actividades ata as 14:30 horas e o comuniquen ao coordinador o primeiro día do campamento.

- **Datos do coordinador:**

Roberto e Sergio	621 152 797

- **É importante que os pais/nais ou titores respecten o horario de chegada e de recollida dos/das participantes no centro escolar segundo a modalidade elixida. Fóra deste horario a porta de entrada ao centro escolar permanecerá pechada, polo que deberán chamar por teléfono ao coordinador das actividades para que lles abra.**

- **¿Que necesitan para eses días?**

- **Unha muda completa,** sobre todo os máis pequenos (3 anos), que deberán deixala no centro.
- **Roupa e calzado deportivo**. Gorra e chuvasqueiro, segundo faga sol ou chuvia. É aconsellable que a roupa estea marcada co seu nome para evitar que o perdan (sobre todo os participantes máis pequenos).

- Os/as participantes poderán **levar merenda para tomala a media mañá e un botellín de auga co seu nome**.

- **Outras normas:**

- Durante todo o campamento, os pais, nais ou titores deberán ter o teléfono operativo.
- Non está permitido que os/as participantes leven aparellos electrónicos nin xoguetes ao campamento, en tal caso se lles retirará e se entregará ao seu pai/ nai ou titor/a na recollida ou ao remate do mesmo.

Calquera comunicación que precisen poderán facela a través do coordinador do campamento ou ben por escrito ao concello de Cambre (educacion@cambre.org) ou chamando ao departamento de Educación ao nº de teléfono 981 613 291.